



RECENSIÓN

**RODRIGUEZ, S., VALLE, A., GONZALEZ, R. E NUÑEZ, J. C. (2010).
MOTIVAR ENSEÑANDO. LA INTEGRACIÓN DE ESTRATEGIAS MOTIVADORAS EN EL CURRÍCULO ESCOLAR. MADRID: CCS.**

Alfonso Barca Lozano
Universidade da Coruña

Esta obra, breve e sinxela, moi coidada no tratamento que fai dos principais temas centrais que integran a motivación nos medios educacionais, ten detrás moito traballo, unha ampla reflexión e boa cantidade de experiencia, tanto investigadora como docente, por parte dos seus autores.

O tema da motivación en ambientes educativos é recorrente dende hai varios anos entre os profesionais da psicoloxía e da educación. A pesar de que é un concepto amplo, e moitas veces polivalente polo que ten de dimensións e diferentes caras, sen embargo descúbrese unha estrutura interna que a maioría dos autores entenden como de tres elementos que definen ao constructo psicolóxico *motivación*. Por unha banda, parece que está presente unha cara de valoración porque se as persoas con frecuencia estamos interesados en facer algo,

parece que é un sinal de que valórase “facer ese algo...”, pero tamén está a cara da expectativa porque espérase e confíase en *obter algo* despois de “facer eso que se valora” e, finalmente, parece que detrás de todo, da valoración e da expectativa, hai unha cara máis íntima e que afecta directamente ás persoas que *fan algo* porque “valoran eso que fan” e porque, tamén, “esperan obter algo”, pero, no fondo, é porque tamén resolven algo que lles afecta e que xenera emocionalidade e afectividade. Temos, pois, tres caras na motivación que parecen conformar este constructo no plano psicolóxico. A esas tres caras da motivación chámase polo mesmo orde que vimos describindo as *metas académicas* (valoración), as *atribucións causais* (expectativa), e a *autoestima/autoconceito* (emocionalidade/afectividade). Pero a autora e os autores que mellor explican a motivación na súa perspectiva edu-

cativa son Susana Rodríguez, Antonio Valle, Ramón González e José Carlos Núñez na obra que acaban de publicar co título *Motivar enseñando. La integración de estrategias motivadoras en el currículo escolar*.

Hai dous ou tres argumentos polos que me parece este libro de moito interese tanto para alumnos como para o profesorado dos diferentes niveis educativos, e tanto de básica como de secundaria ou de universidade xa que, efectivamente, cando os autores escriben o libro, creo que a súa intención está moi clara nesta dirección: resaltar o papel da motivación no proceso de aprendizaxe sen perder nunca a perspectiva aplicada e práctica. Non é un labor doado, e xa por eso é un libro recomendable.

Ten dúas partes ben diferenciadas. Na primeira parte da obra, escrita cunha linguaxe moi sinxela e moi precisa, pero ben comprensible, desenvólvense os tres núcleos básicos que integran a motivación e aos que faciamos referencia a inicio desta recensión. Destacar que os autores, a medida que van expoñendo e afondando nos contidos correspondentes aos componentes de valor (capítulo 1), aos de expectativa (capítulo 2) e aos de emocións e afectos (capítulo 3) moi ligados sempre aos procesos de aprendizaxe, van intercalando a miúdo diferentes aportacións das investigacións que eles mesmos levaron a cabo e que sirven de ilustracións moi esclarecedoras dos diferentes contidos que explican as dimensións motivacionais.

Pero hai algo máis neste libro que me parece importante e que se consegue co esforzo que os autores poñen para transmitir aos lectores, como poden ser os profesores de calquera nivel educativo que, cando se realizan tarefas de ensinanza tamén é posible “motivar ensinando”. A este tema está destinada a segun-

da parte do libro que integra catro capítulos. A verdade que a medida que se vai lendo o libro dámonos conta que nesta segunda parte descúbrenos aspectos que con frecuencia non solemos subliñar cando desenvolvemos as nosas tarefas de ensinanza: que o alumnado ten sempre uns motivos para estudar e para aprender como poden ser a valoración que fai do estudio e da aprendizaxe, as expectativas que se fai a medida que se vai adentrando nas tarefas de aprendizaxe e as súas emocións e afectividade no momento de aprender en grupo.

Toda esta segunda parte está moi ben lo-grada. Para empezar, o primeiro capítulo trata dos principios xerais para a intervención na motivación. Teñen estes principios como eixo central a teoría sociocognitiva de Bandura para sinalar a conducta, en certo modo como un produto da interinfluencia dos comportamentos externos, xunto aos factores cognitivos e socio-ambientais que inciden habitualmente nas persoas e a partir dos cales pódese explicar a maioría dos comportamentos en humanos. Os dous capítulos seguintes desta segunda parte céntranse na aportación que fan os autores de recursos e estratexias instrucionais para a optimización, por unha parte, do componente de valor da motivación e, por outra banda, propóñense recursos e estratexias para a promoción de creencias e expectativas positivas nos procesos de ensinanza e aprendizaxe. Finalmente, inclúese un breve apartado sobre a xestión emocional relacionada coa aprendizaxe.

Insistimos, trátase dunha obra breve, concisa, clara, que ofrece aos alumnos e profesores moitas oportunidades de información útil e práctica e, sobre todo, posibilita a reflexión e o pensamento para o debate sobre cómo facer que cada vez nos impliquemos máis, alumnos e profesores, nas tarefas e actividades de ensinanza e aprendizaxe.